



**PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE  
ESTABILIZACIÓN DERIVADO DA LEI 20/2021, DO  
28 DE DECEMBRO, PARA O INGRESO NO CORPO DE  
AUXILIARES DE CARÁCTER TÉCNICO DE  
ADMINISTRACIÓN ESPECIAL DA ADMINISTRACIÓN  
XERAL, SUBGRUPO C2 (ESPECIALIDADE DE  
BOMBEIRO/A FORESTAL)**

**(Suposto A)**

**Primeiro exercicio  
Acceso: acceso libre**

Idioma: galego

**NON abra o exame ata que o tribunal llo  
indique**



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
FACENDA E  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA





**Primeira parte:**

**1.- Segundo o establecido no artigo 1 da Constitución Española os poderes do Estado emanan:**

- a) Da nación.
- b) Do pobo español.
- c) Das Cortes Xerais.
- d) Do Rei.

**2.- Segundo o establecido no artigo 8 da Constitución Española, as bases da organización militar de España regularanse:**

- a) Por Decreto-lexislativo.
- b) Por lei orgánica.
- c) Por lei ordinaria.
- d) Por lei de bases.

**3.- O artigo 141 da Constitución Española prevé a posibilidade de:**

- a) Crear agrupacións de provincias dentro da mesma Comunidade Autónoma.
- b) Fusionar provincias limítrofes, previa consulta por referendo aos seus habitantes.
- c) Alterar os límites municipais previa aprobación polas Cortes Xerais por Lei orgánica.
- d) Crear agrupacións de municipios diferentes da provincia.

**4.- Quen goza da condición política de galegos, segundo o artigo 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia?**

- a) Os españois, que, de acordo con as leis do Parlamento Gallego, teñan veciñanza política en calquera dos seus municipios.
- b) Todas as persoas, que, de acordo con as leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos concellos de Galicia.
- c) Os españois que, de acordo cas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos concellos de Galicia.
- d) Os cidadáns españois, que, de acordo con as leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos concellos de Galicia.



**5.- Segundo o artigo 10 do Estatuto de Autonomía, cal da seguintes non é unha función do Parlamento de Galicia:**

- a) Controlar a acción executiva da Xunta.
- b) Dirixir e coordinar a acción da Xunta de Galicia.
- c) Aprobar os orzamentos.
- d) Exercer competencias que lle sexan atribuídas pola Constitución, polo Estatuto de Autonomía, polas leis do Estado e as do Parlamento de Galicia.

**6.- De acordo con o artigo 15.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Presidente da Xunta de Galicia é politicamente responsable ante:**

- a) Parlamento de Galicia.
- b) A Xunta de Galicia.
- c) O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- d) Os cidadáns de Galicia.

**7.- Segundo ou artigo 31 do Estatuto de Autonomía, é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia:**

- a) A agricultura e a gandería
- b) A propiedade industrial e intelectual
- c) O salvamento marítimo
- d) A regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

**8.- Segundo o artigo 36.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, cando deban ditarse unha serie de actos administrativos da mesma natureza:**

- a) Deberán refundirse nun único acto, acordado polo órgano competente, que especificará as persoas ou outras circunstancias que individualicen os efectos do acto para cada interesado.
- b) Poderán refundirse nun único acto, acordado polo órgano competente, que especificará as persoas ou outras circunstancias que individualicen os efectos do acto para cada interesado.
- c) Deberá realizar un acto por cada un dos interesados
- d) Poderán refundirse nun único acto, acordado polo órgano competente, que especificará as persoas ou outras circunstancias que xeneralicen os efectos do acto para cada interesado.



**9.- Segundo o artigo 41.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, as Administracións poderán establecer a obrigação de practicar electronicamente as notificacións para determinados procedementos:**

- a) Mediante lei.
- b) Regulamentariamente.
- c) Mediante orde do órgano encargo de resolver.
- d) Mediante orde do órgano encargado de tramitar.

**10.- Segundo o artigo 71.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, serán responsables directos da tramitación do procedemento:**

- a) Unicamente o superior xerárquico dos titulares das unidades administrativas que teña atribuída tal función.
- b) Unicamente os titulares das unidades administrativas que teñan atribuída tal función.
- c) As persoas designadas como órgano ao que corresponda resolver e, en todo caso, os titulares das unidades administrativas que teñan atribuída tal función.
- d) As persoas designadas como órgano instructor ou, no seu caso, os titulares das unidades administrativas que teñan atribuída tal función.

**11.- De conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información de contratación pública, facilitarase información sobre:**

- a) Datos sobre os contratos subscritos, excluídos os contratos menores e os criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación.
- b) Datos sobre os contratos subscritos, incluídos os contratos menores e os criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación.
- c) Datos sobre os contratos subscritos, incluídos os contratos menores.
- d) No citado artigo non se regula ningunha obrigação de información referente aos contratos.



**12.-De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, en relación ao Portal de transparencia e goberno aberto, respectaranse os principios de:**

- a) Accesibilidade, interoperabilidade e reutilización
- b) Accesibilidade, reutilización e obxectividade
- c) Accesibilidade, interoperabilidade e igualdade
- d) Reutilización, interoperabilidade e gratuidade.

**13.- Segundo o establecido no artigo 38 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, sobre o bo goberno:**

- a) A adhesión ao Código ético institucional da Xunta de Galicia por un alto cargo será voluntaria.
- b) A Xunta de Galicia fomentará a adhesión ao Código ético institucional polos altos cargos.
- c) A adhesión ao Código ético institucional da Xunta de Galicia deberá figurar expresamente no acto de nomeamento do alto cargo.
- d) A adhesión ao Código ético institucional da Xunta de Galicia figurará expresamente no acto de nomeamento do alto cargo se este o solicita.

**14.- De conformidade co establecido no artigo 1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG) esta lei ten por obxecto:**

- a) Aprobar o Estatuto básico do empregado público en Galicia.
- b) Establecer o ordenamento xurídico do todo o persoal ao servizo da Administración en Galicia.
- c) Regular o réxime xurídico da función pública galega.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**15.- O artigo 3 da LEPG enumera os principios que informarán a actuación das administracións públicas respecto do réxime xurídico do seu persoal. Indique o principio INCORRECTO:**

- a) Eficiencia no trato entre mulleres e homes.
- b) Transparencia.
- c) Sometemento pleno á lei e ao dereito.
- d) Avaliación e responsabilidade na xestión.



**16.- O artigo 23 da LEPG regula as circunstancias nas que se pode proceder ao nomeamento de persoal funcionario interino. Ante o exceso ou acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial, cal é o prazo máximo de contratación?**

- a) Seis meses dentro dun período de doce meses.
- b) Tres meses dentro dun período de doce meses.
- c) Nove meses dentro dun período de dezoito meses.
- d) Seis meses dentro dun período de dezoito meses

**17.- Segundo a definición establecida no artigo 38 da LEPG, o instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas denomínase:**

- a) Anexo de persoal dos presupostos anuais de gastos.
- b) Arquivo de nomeamentos e contratos.
- c) Relación de postos de traballo.
- d) Rexistro de persoal e de postos de traballo.

**18.- Segundo o disposto no artigo 41 da LEPG, cal é a enumeración correcta dos corpos do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia?:**

- a) Superior, xestión, administrativo, auxiliar e subalterno.
- b) Superior, xestión, administrativo e auxiliar.
- c) Superior, xestión, administrativo, auxiliar e agrupacións profesionais.
- d) Superior, grao medio, técnico, axudante e auxiliar.

**19.- De conformidade co artigo 55.4 da LEPG, poderán os órganos de selección propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas?**

- a) Si, sempre.
- b) Nunca.
- c) Non, salvo excepción prevista na propia lei de emprego público.
- d) Non, salvo excepción prevista na propia convocatoria.



**20.- O artigo 1.1 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (TRDLGI), aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro establece como o obxectivo da lei reforzar o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia:**

- a) Co respecto ao libre desenvolvemento da personalidade.
- b) Coa igualdade de oportunidades.
- c) Coa eliminación da discriminación entre mulleres e homes.
- d) Coa transversalidade das políticas en materia de discapacidade.

**21.- A situación en que se produce un comportamento non desexado relacionado co sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un medio intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo, segundo o artigo 2 do TRDLGI, correspóndese coa definición de:**

- a) Discriminación directa.
- b) Discriminación indirecta.
- c) Acoso moral por razón de xénero.
- d) Acoso sexual.

**22.- De conformidade co artigo 5.2 do TRDLGI, a integración da dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, na execución e no seguimento de todas as políticas e de todas as accións da competencia da Xunta de Galicia denomínase:**

- a) Principio de eficiencia.
- b) Principio de eficacia.
- c) Principio de coordinación.
- d) Principio de transversalidade.

**23.- No marco do artigo 11 do TRDLGI, que tipo de expresións lingüísticas se deben empregar no uso non sexista da linguaxe?:**

- a) Expresións que subordinan o xénero feminino.
- b) Expresións incorrectas que invisibilizan o xénero masculino.
- c) Expresións incorrectas que subordinan o xénero feminino.
- d) Expresións correctas que non invisibilizan nin subordinan o xénero feminino.



**24.- Na vida social, o artigo 12 do TRDLGI establece que a Xunta de Galicia procurará erradicar o uso sexista da linguaxe, para o cal:**

- a) Fomentará o debate electoral sobre cuestións de xénero.
- b) Incluír nas actividades de formación profesional un módulo específico de igualdade de oportunidades.
- c) Realizará campañas de sensibilización e divulgación pública.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**25.- O artigo 2 do Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (TRLDPD), aprobado polo Real Decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, sinala que a situación que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias previsiblemente permanentes e calquera tipo de barreiras que limiten ou impidan a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais se define como:**

- a) Discriminación directa.
- b) Discriminación por asociación.
- c) Discapacidade.
- d) Accesibilidade universal.

**26.- O artigo 4.2 do TRLDPD establece a consideración de persoas con discapacidade aquelas ás cales se lles recoñecese un grao de discapacidade igual ou superior ao:**

- a) 30 %.
- b) 66 %.
- c) 33 %.
- d) Ningunha das respostas é correcta, para a consideración de persoa con discapacidade resulta preciso o recoñecemento dunha pensión por incapacidade permanente, en calquera dos seus graos.



**27.- De conformidade co artigo 4.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL), o conxunto de actividades ou medidas adoptados ou previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo será entendido como:**

- a) Equipo de traballo.
- b) Condición de traballo.
- c) Prevención.
- d) Risco laboral.

**28.- O art. 4.4 da LPRL establece a definición de "aquel que resulta probable racionalmente que se materialice nun futuro inmediato e poida supor un dano grave para a saúde dos traballadores" para:**

- a) O risco laboral que precisa a adopción de medidas de prevención.
- b) O risco laboral grave ou inminente.
- c) O risco potencialmente perigoso.
- d) O risco laboral derivado das condicións de traballo.

**29.- O art. 13.1 da LPRL establece o carácter da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo como un órgano:**

- a) De negociación.
- b) De inspección.
- c) De vixilancia.
- d) De asesoramento.

**30.- O artigo 15 da LPRL enumera os principios xerais que deben rexer a aplicación de medidas de prevención de riscos laborais. Entre os seguintes principios indique a resposta INCORRECTA:**

- a) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
- b) Combatir os riscos na súa orixe.
- c) Avaliación do risco que non se poida evitar.
- d) Planificación da prevención.



**Segunda parte:**

**31.- Indique cal das seguintes afirmación é correcta:**

- a) O PLADIGA establece como obxectivo, conseguir unha diminución do número de activacións do PEIFOGA en situación 2 respecto á media dos últimos 10 anos.
- b) O PLADIGA establece como obxectivo, conseguir unha diminución do número de activacións do PEIFOGA en situación 2 respecto á media dos últimos 2 anos.
- c) O PLADIGA non establece obxectivos respecto da diminución do número de activacións do PEIFOGA en situación 2.
- d) O PLADIGA establece como obxectivo, conseguir unha diminución do número de activacións do PEIFOGA en situación 2 respecto á media dos últimos 5 anos.

**32.- Segundo o PLADIGA. En cantos distritos forestais, está distribuída Galicia?**

- a) 20
- b) 19
- c) 18
- d) 17

**33.- Indique cal das seguintes respostas e a correcta:**

- a) O distrito forestal V está na provincia de Lugo.
- b) O distrito forestal X está na provincia de Ourense.
- c) O distrito forestal XV está na provincia de Pontevedra.
- d) O distrito forestal IV está na provincia de A Coruña.

**34.- O Índice de Risco Diario de Incendio Forestal (IRDI), determina para cada día, o risco de ocorrencia dun lume forestal. Que indica un IRDI cun rango 2?**

- a) Grao de perigo baixo.
- b) Grao de perigo extremo.
- c) Grao de perigo moi alto.
- d) Grao de perigo moderado.



**35.- Segundo establece o PLADIGA, indique cal das seguintes NON é unha das misións a desenvolver polo bombeiro/a forestal do SPIF, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais:**

- a) Coñecementos de meteoroloxía, e a súa influencia, na loita contra incendios forestais.
- b) Ocuparase de levar a cabo as obras de construción, mellora e mantemento de infraestruturas de defensa contra incendios.
- c) Auxiliará ao condutor/a de motobomba se fora necesario.
- d) Participar na execución de queimas controladas.

**36.- Segundo establece o PLADIGA, indique cal das seguintes é unha das misións a desenvolver polo vixiante/a fixo/a do SPIF en materia de incendios dentro do distrito forestal:**

- a) Observará o campo para localización de posibles focos de lume. Situaralos e transmitiralos ao CCD ou, no seu defecto, ao CCP.
- b) Manexará e observará as imaxes das cámaras de vixilancia para localizar posibles focos de lume,
- c) Colaborará na transmisión de mensaxes.
- d) As tres respostas anteriores son correctas.

**37.- As redes de faixas de xestión de biomasa que teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas e os parques e polígonos industriais, se denominan:**

- a) Redes primarias de faixas de xestión de biomasa.
- b) Redes secundarias de faixas de xestión de biomasa.
- c) Redes terciarias de xestión de biomasa.
- d) Redes municipais de faixas de xestión de biomasa.

**38.- Indique cando unha parroquia entrará a formar parte do listado das Parroquias de Alta Actividade Incendiaria:**

- a) Cando teña unha media anual de 7 incendios ou máis nos últimos 5 anos.
- b) Cando teña unha media anual de 15 incendios ou máis nos últimos 5 anos.
- c) Cando teña unha media anual de 7 incendios ou máis nos últimos 2 anos.
- d) Cando teña unha media anual de 15 incendios ou máis nos últimos 2 anos.



**39.-Segundo o PLADIGA, un lume de nivel A ven definido como:**

- a) Lume que non pode ser controlado no ataque inicial e require de máis medios e persoal de apoio.
- b) Lume que non poden ser controlados co ataque ampliado.
- c) Lume simple ou incipiente, xeralmente incendios nos que se conta que poidan ser controlados cos medios de primeiro ataque enviados desde o CCD.
- d) Lume no que se conta con medios aéreos para ser controlado nos diferentes sectores.

**40.- Cal é a frecuencia de VHF a empregar na provincia de Pontevedra para comunicarse con medios aéreos?**

- a) 130,325
- b) 130,500
- c) 122,350
- d) 123,425

**41.- O PLADIGA establece que as unidades de intervención son o elemento básico da estruturación dos medios operativos do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF). Indique qué se entende por brigada terrestre.**

- a) Unidade motorizada de intervención rápida, composta de vehículo e xefe de brigada.
- b) Unidade de intervención rápida, composta por vehículo e xefe de brigada.
- c) Unidade ampliada de ataque do SPIF, composta por bombeiros forestais na loita contra incendios forestais, dotada de medios para a participación en calquera das fases de extinción do lume, así como na súa prevención.
- d) Unidade básica de ataque do SPIF, composta por bombeiros forestais especialistas na loita contra incendios forestais ao mando do xefe de brigada e dotada de medios para a participación en calquera das fases de extinción do lume, así como na súa prevención.



**42.-Radiocomunicación. Rede corporativa de comunicacións móbiles dixitais de emerxencias e seguridade de Galicia. Prescricións técnicas. Radiofrecuencia. Os terminais portátiles deberán ter unha potencia de transmisión igual ou superior a:**

- a) 0,8 W
- b) 1,8 W
- c) 0,6 W
- d) 0,5W

**43.-Mantemento dos equipos de comunicación de radio. Indique cal das seguintes afirmacións é falsa:**

- a) Os equipos portátiles non se deben coller pola antena.
- b) Os equipos poden limparse cun pano húmido e suave.
- c) Non se debe poñer a funcionar o equipo sen antena debidamente enroscada.
- d) Os equipos portátiles non se poden limpar.

**44.-Nos equipos de comunicación, as mensaxes do alfabeto fonético internacional identifican cada letra do alfabeto cunha palabra, asegurando una fraseoloxía o máis exacta e precisa. A letra B corresponde con:**

- a) BICTOR.
- b) BASICO.
- c) BRAVO.
- d) BATE.

**45.- Ao recibir aviso dun incendio forestal, tense que obter a máxima información, e que esta sexa o máis clara e precisa posible. Indique cal é un dos puntos fundamentais que debe recoller esta información:**

- a) Datos históricos da meteoroloxía.
- b) Posible medio de ignición.
- c) A que tipo de combustible afecta (mato, arboredo, etc.) e a que estrato afecta (superficie, copas ou subsolo).
- d) Intensidade lineal de chama.



**46.- Segundo establece o artigo 2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, enténdese por queima:**

- a) Lume que se estende sen control sobre combustibles forestais situados no monte.
- b) Lume que se estende sen control sobre monte raso.
- c) Lume que se aplica sobre restos agrícolas despois da comunicación á administración forestal.
- d) Lume que se aplica aos restos forestais despois da autorización da administración forestal.

**47.- Segundo establece o PLADIGA, a efectos estatísticos considérase incendio:**

- a) Un lume forestal, cando a superficie arborada queimada é maior de 0,50 ha ou ben a suma da superficie arborada e rasa queimada supera 1,0 ha
- b) Un lume forestal, cando a superficie arborada é menor de 2,0 ha pero a superficie total é maior ou igual a 3,00 ha.
- c) Un lume forestal, cando a superficie rasa queimada é maior de 0,5 ha.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**48.- Segundo se recolle no manual de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, indique que operación podemos facer no ataque indirecto: (marque a resposta máis adecuada)**

- a) Quitar combustible dunha zona.
- b) Queimar combustible diante do incendio forestal.
- c) Facer incombustible a vexetación nunha liña ou zona.
- d) As tres anteriores son correctas.

**49.- Nun incendio forestal, que accións podemos realizar para romper o "triángulo do lume" sobre o osíxeno?:**

- a) Diminuír a proporción de osíxeno do aire aumentando a do vapor de auga.
- b) Arrefriar os combustibles.
- c) A resposta a e b son correctas.
- d) Non se pode actuar sobre o osíxeno, unicamente pódese actuar sobre o combustible.



**50.- Entre os modelos de combustible de Rothermel , existen 4 grupos entre os que NON se atopa:**

- a) Follaxe baixo arboredo.
- b) Pastos.
- c) Sotobosque.
- d) Restos de operacións silvícolas.

**51.- Segundo se recolle no manual de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no ataque combinado con binomio cuadrilla-autobomba, o denominado ataque dentro-fóra se caracteriza por:**

- a) É sempre estacionario.
- b) O vehículo non evoluciona dentro da zona queimada.
- c) O vehículo pode estacionarse sobre o solo quente.
- d) Pode ser móbil ou estacionario.

**52.- Segundo se recolle no manual de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, na planificación dunha liña de defensa, pódese incluír a execución dunha queima de ensanche, na cal se deben ter en conta unha serie de condicións, entre as que NON se atopa:**

- a) Convén realizar a queima a medida que se vai construíndo a liña de defensa.
- b) Con vento adverso a queima pode efectuarse por faixas ou por núcleos.
- c) Se a liña de defensa ascende sobre unha ladeira, a queima debe facerse dende abaixo cara arriba.
- d) Non deixar que as lapas, nas proximidades da liña de defensa, alcancen unha altura excesiva.

**53.- Segundo se recolle no manual de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, na inversión térmica nun val:**

- a) Canto mais altitude menor temperatura.
- b) Por baixo do cinto térmico existe unha masa de aire quente.
- c) No cinto térmico as temperaturas son claramente mais altas.
- d) Por baixo do cinto térmico a humidade relativa é maior que nas capas anexas.



**54.- Segundo se recolle no manual de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, nun incendio forestal, a utilización de maquinaria pesada tipo bulldozers, sería: (indique a resposta máis adecuada)**

- a) Ataque directo.
- b) Ataque indirecto.
- c) Ataque ampliado.
- d) A resposta a) e a resposta b) son correctas.

**55.- Segundo se establece no manual de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, respecto da fase de liquidación dun incendio forestal:**

- a) Deberemos identificar en que parte está a soprar o vento.
- b) Realízase unha vez controlado o incendio.
- c) Realizarase de dentro a fóra do incendio.
- d) Queimaranse toda as "illas" sen arder que existan dentro do perímetro do incendio.

**56.- Entre as formas habituais de enrolar as mangueras de extinción de incendios forestais, atópase o denominado:**

- a) Trinquete.
- b) Tirabuzón.
- c) Carrete dobre.
- d) Espiral simple.

**57.- Aquel lume, que sen chegar a estar controlado, evoluciona dentro das liñas de control establecidas segundo as previsións e os labores de extinción conducentes ao seu control, denomínase:**

- a) Lume non controlado.
- b) Lume de nivel A.
- c) Lume estabilizado.
- d) Conato



**58.- A ferramenta multifunción que permite crear liñas de defensa e labores de remate no perímetro do incendio, se denomina:**

- a) Pulaski
- b) McLeod
- c) Gorgui
- d) Mochila de extinción

**59.- Segundo o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA), o persoal do Servizo de prevención de Incendios Forestais leva a cabo a seguinte actuación preventiva planificada en cada Distrito (indique a resposta correcta):**

- a) Creación de áreas cortalumes e de faixas auxiliares de pista, mellora de pistas forestais, queimas prescritas, tratamentos silvícolas preventivos.
- b) Creación de puntos de auga, repoboación con frondosas caducifolias, queimas prescritas.
- c) Creación e mellora de sistemas silvopastorais, labores silvícolas (clareo e poda baixa), queimas prescritas, tratamentos silvícolas preventivos, creación de puntos de auga.
- d) As tres respostas anteriores son correctas.

**60.- En relación co establecido no artigo 35 da lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia sobre autorización de queimas controladas, sinala a resposta incorrecta:**

- a) Será precisa a autorización da consellería competente en materia forestal.
- b) Sen acompañamento técnico adecuado, a queima controlada será considerada como lume intencionado.
- c) Poderá realizarse fóra da época de perigo alto e cando o índice de risco diario de incendio forestal sexa moderado ou alto.
- d) Non se poderán realizar en época de perigo alto.



**61.- A aplicación directa do lume a combustibles forestais, no seu estado natural ou modificados, baixo condicións meteorolóxicas precisas, que permitan confinar o lume nunha área predeterminada e ao tempo producir a intensidade de calor e velocidade de propagación requiridas para acadar os obxectivos específicos previstos, se denomina:**

- a) Queima de continxencia.
- b) Queima controlada.
- c) Queima prescrita
- d) Queima de flancos

**62.- A proba de ignición, previa á execución da queima controlada, que se realiza para contrastar o comportamento esperado do lume co comportamento real observado baixo as condicións previstas para a realización da queima, se denomina:**

- a) Test de queima.
- b) Técnica de ignición.
- c) Plan de queima.
- d) Ventá de prescrición.

**63.- Nun vehículo todoterreo, indique cal das seguintes respostas é correcta:**

- a) A vía é a distancia que separa a metade da roda dianteira da metade da roda traseira.
- b) Unha vía estreita é favorable á hora de pendentes transversais.
- c) Unha vía estreita é favorable á hora de pasar entre os obstáculos con maior efectividade.
- d) A vía é a distancia que separa o eixe dianteiro do eixe traseiro.

**64.- Cales son as fases dun incendio forestal?**

- a) Activo, controlado, liquidado e extinguido.
- b) Activo, estabilizado, controlado e extinguido.
- c) Activo, controlado e extinguido.
- d) Activo, estabilizado e controlado



**65.- Segundo se recolle no manual de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, respecto da condución dun todoterreo. a profundidade de vadeo xeralmente ven dada por:**

- a) A altura das portas.
- b) A altura ate a toma de aire do motor e diversos elementos eléctricos.
- c) A altura das rodas.
- d) A altura ate a toma de aire do motor, sendo sempre inferior aos elementos eléctricos.

**66.- Que función ten o bloqueo do diferencial central nun vehículo todoterreo?**

- a) Serve para conseguir que o desenvolvemento das diferentes marchas sexa o máis curto posible.
- b) Serve para conseguir que o desenvolvemento das diferentes marchas sexa o máis larga posible.
- c) Serve para axudar a conseguir unha repartición óptima da potencia do eixe que soporta a menor adherencia á de maior.
- d) Serve para axudar a conseguir unha repartición óptima da potencia do eixe que soporta a maior adherencia á de menor.

**67.- A condución dun todoterreo. En que consiste un cabrestante?**

- a) O cabrestante é un mecanismo que se incorpora nos eixos dianteiros co obxectivo da polivalencia.
- b) O cabrestante é un artefacto equipado cun cable autoenvolvente que habitualmente é de funcionamento eléctrico, que vai colocado na parte frontal do vehículo.
- c) O cabrestante é un artefacto equipado cun cable autoenvolvente de acción sempre manual, que vai colocado na parte frontal do vehículo.
- d) O cabrestante é un mecanismo que se incorpora nos eixos dianteiros co obxectivo da polivalencia en situacións de bloqueo.

**68.- Indique cal das seguintes é unha pauta para seguir na estiba das ferramentas de corte:**

- a) Irán sen enfundar, xa que perderíase tempo ante un incendio forestal.
- b) Irán sen enfundar, xa que perderíase tempo, ante un ataque directo.
- c) Irán separadas do mando e metidas nun caixón.
- d) Irán enfundadas ou levarán un protector, e todas elas, a poder ser, amarradas de forma que non se vaian movendo.



**69.- Segundo se recolle no manual de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, indique cal das seguintes NON se corresponde cunha das precaucións a tomar co fin de evitar accidentes cando se conduce un vehículo cara ao lume:**

- a) Evitar que o vehículo vaia sobrecargado.
- b) Empregar só vehículos en bo estado.
- c) O material (ferramentas, etc.) non deberá ir solto, de xeito que non poida molestar nin danar o persoal.
- d) Procurar respectar o código de circulación sempre que sexa posible, pero recordando que hai que chegar ao lume canto antes mellor.

**70.- Segundo se recolle no manual de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, cando o vehículo chegue ao incendio deberá situarse de tal forma que:**

- a) En caso de ser precisa, tanto a súa evacuación coma a do persoal que intervéñ, sexa o máis rápida e eficaz posible.
- b) En caso de ser precisa, tanto a súa evacuación coma a do persoal que intervéñ, esta se poda realizar a través de estradas e non de pistas forestais.
- c) Quede ben estacionado e sempre co motor acendido.
- d) Quede ben estacionado e coas portas pechadas con chave.

**71.- Segundo o manual de prevención de riscos laborais na defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia, indique cal das seguintes medidas NON é de aplicación para evitar caídas de persoas a distinto nivel durante as actividades de arrefriamento, sufocación e tarefas de vixilancia:**

- a) Poñer atención nos ocos formados da combustión de tocos e raíces.
- b) Pasar con coidado entre rochas e pedras.
- c) Pisar sobre chan seguro e non correr ladeira abaixo.
- d) Non traballe por riba da altura do ombro.

**72.- Cal das seguintes NON é unha pauta para seguir na estiba das ferramentas?**

- a) Seguridade
- b) Practicidad
- c) Visibilidade
- d) Ergonomía



**73.- Segundo o manual de prevención de riscos laborais na defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia, indique cal das seguintes medidas NON é de aplicación para evitar golpes por obxectos ou ferramentas durante as actividades de eliminación do combustible por corte ou decapaxe:**

- a) Para chamar a atención dun maquinista que estea a traballar, achéguese sempre pola parte frontal. Non se aproxime ata que o vexa e interrompa a tarefa.
- b) Débese utilizar roupa cinxida, evitando así a roupa demasiado solta, como bufandas ou outros atavíos incompatibles coa actividade.
- c) Solte a ferramenta cando estea parado, apártea e póña en sitio ben visible.
- d) Garde a distancia de seguranza respecto doutros compañeiros

**74.- O SPIF, dispón de tres tipos de centros de coordinación. Marque a resposta correcta.**

- a) C.C.D., C.P.C., C.C.P.
- b) C.C.C., C.C.P., C.C.D.
- c) C.C.D., C.P.P., C.P.C.
- d) C.C.P., C.C.S., C.C.D.

**75.- Nun incendio forestal, o fume de cor amarelada corresponde á queima de:**

- a) Arboredo de coníferas.
- b) Combustibles lixeiros (pasteiros e herbáceas).
- c) Combustibles semilixeiros (matogueiras e arbustos ).
- d) Matogueiras densas y arboredo de frondosas.

**76.- Que se entende no SPIF por Punto de Recepción de Medios (PRM):**

- a) Área de estacionamento temporal dos medios dispoñibles en espera de asignación de misión.
- b) Área de estacionamento temporal dos medios dispoñibles en espera da retirada.
- c) Área de estacionamento temporal dos medios, non dispoñibles, en espera da retirada.
- d) Área temporal dos medios en espera da retirada.



**77.-Segundo o PLADIGA, vehículo motobomba ven definido como:**

- a) Vehículo todoterreo equipado con bomba de auga. Actúa mediante o subministro de auga ou auga con retardante a presión.
- b) Vehículo equipado con cisterna e bomba de auga. Actúa mediante o subministro de auga a presión.
- c) Vehículo equipado con cisterna e bomba de auga.
- d) Vehículo todoterreo equipado con cisterna e bomba de auga. Actúa mediante o subministro de auga ou auga con retardante a presión.

**78.- Seguridade. Riscos e prevención de accidentes. Catálogos de equipos de protección individual. Segundo o CLIF (*Comité de Lucha Contra Incendios Forestales*), o casco de protección e intervención forestal ten as seguintes características básicas (indique a correcta):**

- a) Construído en materiais no inflamables, no metálicos ni condutores da electricidade, sen deformacións permanentes a temperaturas próximas aos 150 grados centígrados.
- b) Construído en materiais no inflamables, no metálicos ni condutores da electricidade, sen deformacións permanentes a temperaturas próximas aos 300 grados centígrados.
- c) Construído en materiais no inflamables, no metálicos ni condutores da electricidade, sen deformacións permanentes a temperaturas próximas aos 50 grados centígrados.
- d) Construído en materiais no inflamables, no metálicos ni condutores da electricidade, sen deformacións permanentes a temperaturas próximas aos 60 grados centígrados.

**79.- A seguridade. Riscos e prevención de accidentes. CLIF (*Comité de Lucha Contra Incendios Forestales*). En que consiste o protocolo OACEL?**

- a) Observación, Aviso, Coñecemento, ruta de Escape e Lugar seguro.
- b) Observación, Anticipación, Concentración, ruta de Escape e Lugar seguro.
- c) Observación, Atención, Comunicación, ruta de Escape, e Lugar seguro.
- d) Observación, Atención, Concentración, ruta de Escape e Lugar seguro.



**80.- Segundo o manual de prevención de riscos laborais na defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia, as luvas:**

- a) Son un EPI de categoría I.
- b) Son un EPI de categoría II.
- c) Son un EPI de categoría III.
- d) Son un EPIS de categoría IV.

**Preguntas de reserva da primeira parte**

**81.- As previsións do artigo 6 do TRDLGI establecen que o informe sobre o impacto de xénero no procedemento lexislativo ten carácter:**

- a) Preceptivo.
- b) Potestativo.
- c) Facultativo e vinculante.
- d) Facultativo e non vinculante.

**82.- Respecto da vixilancia periódica do estado de saúde, segundo o disposto no artigo 22 da LPRL, cando terá esta un carácter obrigatorio?**

- a) Sempre.
- b) Cando resulte imprescindible para verificar o estado de saúde do traballador.
- c) Cando sexa un dos modos posibles de avaliar os efectos das condicións de traballo sobre a saúde dos traballadores.
- d) Cando resulte imprescindible para verificar que o estado de saúde do traballador poida constituír un perigo para outras persoas relacionadas coa empresa.



### **Preguntas de reserva da segunda parte**

#### **83.- Segundo o PLADIGA, a Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO) creada en 2021:**

- a) Está formada por 20 membros da escala de axentes medioambientais e depende funcional e xerarquicamente do Director Xeral de Defensa do Monte.
- b) Está formada por 15 membros da escala de axentes medioambientais e depende funcional e xerarquicamente en cada provincia da correspondente Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural.
- c) Está formada por 20 membros da escala de axentes medioambientais e depende funcional e xerarquicamente en cada provincia da correspondente Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural.
- d) Está formada por 15 membros da escala de axentes medioambientais e depende funcional e xerarquicamente do Director Xeral de Defensa do Monte.

#### **84.-Radiocomunicación. Rede corporativa de comunicacións móbiles dixitais de emerxencias e seguridade de Galicia. Prescricións técnicas. Interface de usuario e ergonomía. O terminal portátil incorporará:**

- a) Un mecanismo de supervisión tipo "Delta."
- b) Un mecanismo de supervisión de tipo "home caído".
- c) Un mecanismo de supervisión tipo "Afis."
- d) Un mecanismo de supervisión tipo "home activo".

#### **85.- En relación co protocolo OACEL difundido polo CLIF (Comité de Loita contra Incendios Forestais), sinala cal das seguintes é correcta:**

- a) Debe aplicarse en orde secuencial O-A-C-E-L, se non se cumpre algún dos puntos, hai que seguir polo menos coas demais premisas do protocolo para que resulte efectivo.
- b) É un sistema proactivo, a iniciativa debe tomala o Director Técnico de Extinción, sendo responsable de coñecer en todo momento o seu estado respecto á seguridade, co obxecto de modificalo por se mesmo cando sexa necesario.
- c) A aplicación do OACEL implica unha continua reavaliación de cada un dos seus cinco puntos, establecéndose outros novos cando fixese falta.
- d) As zonas queimadas sen potencial de retorno, cumprindo con O, A e C non servirían como zonas seguras.